

PROXECTO FOMENTO DO USO DO GALEGO

CRA RAÍÑA ARAGONTA

CURSO 2018/2019



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

INTRODUCCIÓN

1. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

2. CONTEXTO LINGÜÍSTICO

2.1 CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

2.2 REALIDADE LINGÜÍSTICA DOS MESTRES

2.3 REALIDADE LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.FAMILIAS

2.4 REALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO

3. OBXETIVOS ADAPTADOS A CADA SECTOR DA COMUNIDADE EDUCATIVA

3.1 OBXETIVOS. CONTORNA

3.2 OBXETIVOS. MESTRES

3.3 OBXETIVOS. ALUMNADO

3.4 OBXETIVOS.CENTRO

4. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA

4.1 FESTAS TRADICIONAIS E CONMEMORACIÓNS

4.1.1 O SAMAÍN

4.1.2 O MAGOSTO

4.1.3 O NADAL

4.1.4 O ENTROIDO

4.1.5 OS MAIOS

4.1.6 AS LETRAS GALEGAS

4.2 PROXECTA. DONAS DE SI.

4.3 REVISTA ESCOLAR

5. AS NOVAS TECNOLOXÍAS

5.1 INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN

5.2 ROBOT

6. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES

INTRODUCCIÓN

A lingua é un sistema de comunicación verbal e escrito, de convencións e regras gramaticais, empregado polas comunidades humanas con fins comunicativos. É unha das súas principais marcas de identidade e transmitese de xeración en xeración.

En Galicia dase unha situación característica, onde son oficiais dúas línguas, o galego e o castelán. Así, o galego é cooficial en Galicia xunto co castelán (Constitución española de 1978, artigo 3.2 e Estatuto de Autonomía de Galicia, artigo 5)

O galego é unha lingua romance que se orixinou no noroeste da península Ibérica hai arredor de 2000 anos e ofrécenos unha riqueza inmensa de creatividade, de alfabetización, de identidade social, de coñecemento... por todo isto, cremos que o futuro do noso idioma está nas novas xeracións, polo cal dende a escola temos a necesidade e a obriga de compartir con todos/as os/as nenos/as a ledicia por aprender e empregar unha lingua tan fermosa como é a nosa.

Para poder transmitir e traballar unha lingua debemos, en primeiro lugar, ter en conta o marco legal que regula a súa utilización. Así atenderemos á seguinte lexislación:

- Lei 3/1983 do 15 de xuño de normalización lingüística
- Lei 2/2006 do 3 de maio de educación.
- Decreto 124/2007 polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Decreto 330/2009 do 4 de Xuño, polo cal se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Atendendo a esta lexislación, ao remate do ensino obrigatorio garantirase a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas.

No *D124/2007*, tamén se indica en liñas xerais que o que se pretende na etapa de Educación Infantil é que os nenos e nenas manteñan unha boa competencia na súa lingua materna e que, progresivamente, adquiran unha competencia suficiente na outra lingua oficial.

1. O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega está composto este curso, tal e como se estableceu no claustro celebrado no centro o día 5 de Setembro, por:

- Álvarez Pérez, Silvia. Sostituída por Fernández Álvarez Rocío.
- Collazo Carusone Cristina
- Domínguez González, Noelia (coordinadora)
- Domínguez Senlle Ana María.
- Leirós Pereira, Iris

2. CONTEXTO LINGÜÍSTICO

O CRA RAÍÑA ARAGONTA conta con 15 unidades de educación infantil, ubicadas en 10 edificios espallados polas sete parroquias de Salceda de Caselas, unha vila do interior da provincia de Pontevedra:

- 8 unidades de educación infantil en Salceda de Caselas centro (aulas de Esfarrapada), onde os nenos están escolarizados por idades:

- ✓ 3 aulas de 4º de educación infantil
- ✓ 3 aulas de 5º de educación infantil
- ✓ 2 aulas de 6º de educación infantil

- 7 unidades nas parroquias pertencentes a Salceda de Caselas. Estas unidades son mixtas:

- ✓ Barreiro
- ✓ Budiño
- ✓ Entenza
- ✓ Fontán
- ✓ Picoña
- ✓ San Xurxo
- ✓ Soutelo.

Para analizar a situación do galego na comunidade educativa, empregamos a pregunta feita ás familias no periodo de matrícula. En canto os datos dos mestres e mestras, e os datos do concello realízanse empregando unhas enquisas.

2.1 CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO




O enquisa ao concello, respondeuna a concelleira de cultura, educación, normalización e benestar. O resultado é o seguinte:

1. *Lingua habitual do concello.*
Só galego
2. *Lingua habitual nas interaccións con outros concello.*
- Só galego
3. *Lingua habitual nas interaccións cos habitantes de salceda de caselas.*
- Só galego
4. *Lingua empregada na comunicación cos centros educativos.*
- Só galego
5. *Lingua empregada polo concello nos seus actos oficiais.*
- Só galego
6. *Presenza da lingua galega na documentación administrativa, rotulación das rúas, notas informáticas, bandos...*
- Plena
7. *Lingua habitual do persoal que traballa no concello.*
- Predomina o galego
8. *Actitude do persoal traballador do concello cara a utilización do galego.*
- Indiferente


Nesta enquisa á concelleira podemos ver como a presenza do galego é maioritaria, tanto nas interaccións entre os propios empregados do concello como á hora de establecer comunicacións con outros concellos, centros educativos... así mesmo chega con dar un paseo pola contorna para ver como os letreiros, sinais indicativos e outros están en galego.

2.2 REALIDADE LINGÜÍSTICA DOS MESTRES


As enquisas que se remitiron aos mestres deron como resultados os seguintes:




Capacidade que ten para empregar o galego na actividade docente




Cal pensas que é a actitude do profesorado cara a utilización do galego no ámbito educativo



Qué pensa sobre o uso habitual do galego na escola?






A análise destes datos entre o profesorado revelan que o castelán predomina tanto nas interaccións familiares como nas interaccións entre o profesorado. Este resultado, contrasta coa vontade deste mesmo colectivo, que se manifesta cunha capacidade alta para empregar o galego na actividade docente así como con unha actitude favorable á hora de levalo á práctica. A vontade do profesorado é visible tamén na última gráfica, onde se reflicte que unha boa parte do profesorado está interesado no manexo da lingua galega e por iso contan con certificados do idioma galego pola escola oficial de idiomas.

2.3 REALIDADE LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.FAMILIAS


A maioría das familias do centro pertence a unha vila pequena.

No período de matrícula, faise unha pregunta aos pais co fin de determinar cal é a lingua materna maioritaria dos alumnos/as. O resultado de dita pregunta determinou o seguinte:

✓ AULAS DE PARROQUIAS



✓ AULAS DE ESFARRAPADA. SEDE DO CRA



Esta análise, revela que a maioría do alumnado do centro ten como lingua materna o castelán. Unha análise mais detallada, permitenos observar como hai unha pequena diferenza entre as aulas de esfarrapada e as aulas de parroquias, sendo nestas últimas onde a lingua galega figura ter unha lixeira maior presenza como lingua maioritaria. De feito é, soamente, en dúas das

aulas de parroquias (Entenza e Picoña) onde o galego se reflicte como lingua materna prioritaria.

Dados os resultados, é moito o que debemos esforzarnos para acadar os obxetivos que este centro pretende de cara á adquisición da lingua galega.

2.4 REALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O centro emprega a lingua galega tanto nas súas comunicacións con outras institucións como no intercambio de información entre os membros da comunidade educativa.

A información exposta nos taboleiros está en lingua galega, así como tamén están nesta lingua os carteis e cuños do centro.

3. OBXETIVOS ADAPTADOS A CADA SECTOR DA COMUNIDADE EDUCATIVA

3.1 OBXETIVOS. CONTORNA

- A. Facer un uso normalizado do galego no centro e en xeral con toda a comunidade educativa.
- B. Implicar ás familias no uso do galego.
- C. Valorar positivamente a pluralidade lingüística da nosa comunidade.
- D. Recuperar, empregar e difundir a cultura oral da comarca: refráns, ditos populares, poesías, cantigas...

3.2 OBXETIVOS. MESTRES

- E. Fomentar o intercambio de experiencias e coñecementos na lingua galega entre os membros da comunidade educativa.
- F. Informar á comunidade educativa das novidades legislativas, campañas e actividades culturais que xurdan desde diferentes organismos.
- G. Promover e celebrar as festas tradicionais populares de Galicia en colaboración cos demais equipos do centro.

3.3 OBXETIVOS. ALUMNADO

- H. Usar a lingua galega dun xeito natural.
- I. Achegarse á lingua escrita a través de diferentes textos: poemas, narracións, contos, revistas...
- J. Achegar ao alumnado a vocabularios específicos.
- K. Fomentar o uso do galego a través de actividades plásticas.
- L. Coñecer ao autor/a homenaxeado o día das letras galegas e a súa obra.

3.4 OBXETIVOS.CENTRO

- M. Continuar dando preferencia á lingua galega en todas as manifestacións públicas de carácter oral e escrito.
- N. Empregar o galego na páxina web do centro.
- O. Manter actualizada a páxina web do centro en canto a actividades da dinamización da lingua se refire.
- P. Adquirir novidades editoriais en lingua galega.

4. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA

Neste curso, as actividades deste equipo tratarán de xirar en torno a diferentes eixes comúns:

- A promoción das festas tradicionais populares de Galicia así como a difusión da cultura oral da comarca.
- A temática do Proxeta “Donas de sí”, no cal participamos unha ampla maioría do claustro.
- A elaboración da revista escolar.

4.1 FESTAS TRADICIONAIS E CONMEMORACIÓNS

4.1.1 O SAMAÍN

Para esta festividade, o equipo de dinamización da lingua, envía a cada mestre do centro un pouco de información acerca desta festividade para que cada un empregue como mellor considere. Ademais propuxéronse tres actividades á comunidade educativa:

- Unha das actividades é coa participación familiar, onde lle pedimos que veñan a aula para organizar un taller de maquillaxe terrorífico.
- A segunda actividade require dous pasos: primeiro debese crear unha cabaza con globos, papel de xornal e cola branca e logo converter esta nunha persoaxe feminina relevante.

- A terceira actividade está relacionada con Yayoi Kusama, artista e escritora xaponesa. As cabazas foron un elemento icónico na súa carreira e ao cal recurriu en numerosas ocasións . Esta actividade consiste en decorar unha cabaza ao seu estilo.

4.1.2 O MAGOSTO

Para esta actividade, o equipo tamén envía información aos compañeiros/as sobre a festividade, as súas orixes e tradicións.

A festividade no colexio lévase a cabo reproducindo as tradicións da contorna: facendo unha fogueira, degustando castañas e outros produtos típicos do outono así como pintándose a cara con tizóns.

Neste caso propoñemos unha actividade:

- Enviamos unha tarxetas de vocabulario en galego para que os mestres realicen e empreguen cos nenos. Estas serán as primeiras tarxetas da nosa caixa de vocabulario en galego. Neste caso as palabras son: castaña-ourizo-castiñeiro e fogueira.

4.1.3 O NADAL

No nadal unha vez máis enviamos información aos compañeiros/as sobre a festividade e as súas tradicións.

Neste caso propoñemos dúas actividades:

- Unha das actividades son as tarxetas de vocabulario para a nosa caixa de vocabulario. As palabra escollidas desta volta son: Piñeiro- agasallo - apalpador e panxoliña.
 - A segunda actividade require da participación familiar. Cada mestre envía aos nenos a silueta dunha man á casa. Cada familia decora ésta de xeito libre coa única premisa que leve escrita unha palabra en galego relacionada co nadal, a amizade....
- As mans decoradas empregaranse de diferentes xeitos:
- Nas aulas de parroquias serán un elemento máis decorativo da árbore de nadal.
 - Nas aulas de sede, servirán para construír con toda elas unha árbore de nadal.

4.1.4 O ENTROIDO

Neste tempo, enviaremos información aos compañeiros sobre a festividade. As súas orixes e tradicións. Así mesmo, colaboraremos co equipo de biblioteca para dar as ordes do meco. Xuntos redactaremos un texto onde se darán ordes de como proceder nas vestimentas ao longo de toda a semana anterior ao desfile do entroido. O encargado de dar a coñecer estas ordes será Caselín, a mascota da biblioteca.

Como actividade cos nenos e nenas:

- Tarxetas de vocabulario para a nosa caixa de vocabulario. Neste caso as palabra escollidas son: entroido – anteface – máscara – perruca.
- Conto do entroido. Creamos un conto a través do cal presentaremos as tres figuras do entroido pertencentes ao denominado triángulo máxico do entroido ourensá. A presentación do conto faerase a través da mascota da biblioteca Caselín, polo que traballaremos en coordinación con este equipo así como tamén co equipo de novas tecnoloxías que nos axudaran a subir o conto á páxina web.

4.1.5 OS MAIOS

Unha vez máis ofreceremoslle aos compañeiros e compañeiras información sobre esta festividade.

Para esta ocasión, propoñemos dúas actividades:

- Tarxetas de vocabulario para a nosa caixa de vocabulario. Neste caso as palabras escollidas son: flores - follas - bolboreta e maio.
- Elaboración dun maio. Esta actividade farase de distinto xeito, nas aulas de sede e nas aulas de parroquia.
 - As aulas de sede, xuntaranse para facer un maio entre todos. Aproveitaran para facer unha convivencia.

- Nas aulas de parroquias pediremos a colaboración familiar, para que en cada unha das aulas se elabore un maio.

Tanto nas aulas de parroquias como nas de sede, aproveitarase para recitar xuntos coplas propias da data.

4.1.6 AS LETRAS GALEGAS

Nesta ocasión damos información aos compañeiros e compañeiras do autor homenaxeado o día das letras galegas: Antón Fraguas.

Como actividades propoñemos dúas:

- Lectura e traballo sobre algunha das obras do autor.
- Nunha cartulina tamaño folio, cada aula representa un refrán en galego. Logo con todas elas faemos un libro refraneiro que iremos pasando por todas as aulas.
- Facer un acróstico con palabras galegas, partindo de: Galego ou Letras galegas. Farase en cartolina e con todas elas procederase de dous xeitos:
 - Nas aulas de sede, faeremos unha exposición con todas.
 - Nas aulas de parroquias, cada quen exporá a súa cartolina no seu taboleiro.

4.2 PROXECTA. DONAS DE SI.

Un ano máis o centro foi seleccionado para participar no plan Proxecta, coa particularidade de que este ano está implicada case a totalidade do claustro. ´

Dende o equipo de dinamización da lingua galega, trataremos de servir de apoio aos demais compañeiros sobre todo en canto a traducción de textos ou outra información relevante para levar a cabo o proxecto.

Como actividades a desenvolver:

- Tarxetas de vocabulario para a nosa caixa de vocabulario. Neste caso e dada a temática imos a proponer as seguintes palabras:

Muller – igualdade – pioneira - liberdade

- Cada aula elaborará un mural con tres ou catro nomes de orixe galego de mulleres e tratará de investigar sobre o seu significado ou orixe.

4.3 REVISTA ESCOLAR

A revista do centro ten por nome badaladas. Neste curso a revista será un resumo das actividades levadas a cabo por este equipo ao longo do curso, facendo especial fincapé naquelas que ofrecen os nenos e nenas a oportunidade de adquirir novo vocabulario.

A revista escolar Badaladas, publicase cada ano na páxina web do centro para que deste xeito teñan acceso a elas todos os membros

da comunidade educativa, non obstante, este curso (en función do presuposto) trataremos de facer unha copia impresa para cada unha das aulas para que os nenos/as as poidan ver e traballar con elas si así o desexan.

5. AS NOVAS TECNOLOXÍAS

5.1 INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN

As novas tecnoloxías están moi presentes no noso equipo, e polo mesmo traballamos estreitamente co equipo desta área do centro. En todo momento tratamos de manter a web actualizada coas actividades que en cada ocasión imos realizando. A finalidade disto é a motivación dos nenos e nenas e tamén manter aos pais informados do que imos facendo en cada momento.

5.2 ROBOT

Traballaremos co robot e as tarxetas de vocabulario que en cada celebración imos facendo. As actividades consistirán en:

- Dado un punto de saída, ver cal é o recorrido que se debe facer ata chegar a unha palabra que o/a mestre ou outro compañeiro dí.
- Distribuídas diferentes imaxes polo taboleiro, unir coa axuda do robot aquelas que están relacionadas entre sí. Por exemplo: castaña con castiñeiro.

6. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES

FESTIVIDADE	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	OBXETIVOS	DESTINATARIOS	MATERIAIS	ORZAMENTO
SAMAÍN	INFORMACIÓN	1º TRIMESTRE. OUTUBRO	A,D,F,G,M	ALUMNOS/AS MESTRES/AS	NON SE REQUIRE	0 €
	MAQUILLAXE TERRORÍFICO	1º TRIMESTRE. OUTUBRO	A,B,K	ALUMNOS/AS MESTRES/AS FAMILIAS	PINTURAS DE MAQUILLAXE INFANTIL	0 €
	PERSONAXE FEMENINA	1º TRIMESTRE. OUTUBRO	A,G,K,O	ALUMNOS/AS	GLOBOS, PAPEL DE XORNAL, COLA BRANCA,PINTURA DE DEDOS	0 €
	CABAZA AO ESTILO YAYOI KUSAMA	1º TRIMESTRE. OUTUBRO	A,K,O	ALUMNOS/AS	CABAZAS,PINTURA DE DEDOS	0 €
MAGOSTO	INFORMACIÓN	1º TRIMESTRE. NOVEMBRO	A,D,F,G,M	ALUMNOS/AS MESTRES/AS	NON SE REQUIRE	0 €
	TARXETAS DE VOCABULARIO	1º TRIMESTRE. NOVEMBRO	A,C,H,J,K	ALUMNOS/AS	CARTOLINAS, PEGAMENTOS, PINTURAS,TESOIRAS FOLLAS DE PLASTIFICADO CAIXAS OU SOBRES PARA GARDAR	0 €
NADAL	INFORMACIÓN	1º TRIMESTRE. DECEMBRO	A,D,F,G,M	ALUMNOS/AS MESTRES/AS	NON SE REQUIRE	0 €
	TARXETAS DE VOCABULARIO	1º TRIMESTRE. DECEMBRO	A,C,H,J,K	ALUMNOS/AS	CARTOLINAS, PEGAMENTOS, PINTURAS,TESOIRAS FOLLAS DE PLASTIFICADO	0 €
	UNHA ÁRBORE EN GALEGO	1º TRIMESTRE. DECEMBRO	A,B,C,E,H,I,J,O	ALUMNOS/AS MESTRES/AS FAMILIAS	CARTOLINAS, PEGAMENTOS, PINTURAS,TESOIRAS	0 €

FESTIVIDADE	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	OBXETIVOS	DESTINATARIOS	MATERIAIS	ORZAMENTO
ENTROIDO	INFORMACIÓN	2º TRIMESTRE FEBREIRO-MARZO	A,D,F,G,M	ALUMNOS/AS MESTRES/AS	NON SE REQUIRE	0 €
	TARXETAS DE VOCABULARIO	2º TRIMESTRE FEBREIRO-MARZO	A,C,H,J,K	ALUMNOS/AS	CARTOLINAS, PEGAMENTOS, PINTURAS,TESOIRAS FOLLAS DE PLASTIFICADO	70 €
	CONTO DO ENTROIDO	2º TRIMESTRE FEBREIRO-MARZO	A,B,E,G,I,J	ALUMNOS/AS	CARTOLINAS, PEGAMENTOS, PINTURAS,TESOIRAS FOLLAS DE PLASTIFICADO	15 €

FESTIVIDADE	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	OBXETIVOS	DESTINATARIOS	MATERIAIS	ORZAMENTO
MAIOS	INFORMACIÓN	3º TRIMESTRE ABRIL-MAIO	A,D,F,G,M	ALUMNOS/AS MESTRES/AS	NON SE REQUIRE	0 €
	TARXETAS DE VOCABULARIO	3º TRIMESTRE ABRIL-MAIO	A,C,H,J,K	ALUMNOS/AS	CARTOLINAS, PEGAMENTOS, PINTURAS, TESOIRAS FOLLAS DE PLASTIFICADO	70 €
	O MAIO	3º TRIMESTRE ABRIL-MAIO	A,C,D,E,G,I,J	ALUMNOS/AS MESTRES/AS FAMILIAS	MADEIRA CLAVOS CORDAS E CINTAS FOLLAS FLORES	40 €
LETRAS GALEGAS	INFORMACIÓN	3º TRIMESTRE MAIO	A,D,F,G,M	ALUMNOS/AS MESTRES/AS	NON SE REQUIRE	0 €
	ANTÓN FRAGUAS	3º TRIMESTRE MAIO	D,E,G,I,L,P	ALUMNOS/AS	LIBROS FOLIOS LÁPIS CORES	50 €
	REFRANEIRO	3º TRIMESTRE MAIO	A,C,D,E,I	ALUMNOS/AS	LÁPIS CORES TESOIRAS PEGAMENTOS MATERIAL PARA ENCUADERNACIÓN	15 €
	ACRÓSTICOS EN GALEGO	3º TRIMESTRE MAIO	A,C,E,H,I,J	ALUMNOS/AS	CARTOLINAS LÁPIS CORES TESOIRAS PEGAMENTOS	15 €

FESTIVIDADE	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	OBXETIVOS	DESTINATARIOS	MATERIAIS	ORZAMENTO
DONAS DE SI	INFORMACIÓN	ANUAL	A,D,F,G,M	ALUMNOS/AS MESTRES/AS	NON SE REQUIRE	0 €
	TARXETAS DE VOCABULARIO	ANUAL	A,C,H,J	ALUMNOS/AS	CARTOLINAS, PEGAMENTOS, PINTURAS, TESOIRAS FOLLAS DE PLASTIFICADO	70 €
	NOMES GALEGOS	ANUAL	C,E,H,I	ALUMNOS/AS	CARTOLINAS, PEGAMENTOS, PINTURAS, TESOIRAS MATERIAL PARA ENCUADERNACIÓN	15 €
REVISTA ESCOLAR	ELABORACIÓN E PUBLICACIÓN	ANUAL	A,B,C,D,H,I, J,K,M,N,O	ALUMNOS/AS MESTRES/AS FAMILIAS	FOLIOS, LÁPIS CORES TESOIRAS PEGAMENTOS MATERIAL PARA ENCUADERNACIÓN	70 €
ROBÓTICA	INICIÁNDONOS NA ROBÓTICA	ANUAL	A,C,H,J	ALUMNOS/AS	TARXETAS DE VOCABULARIO ROBOT TABOLEIROS PARA O ROBOT	70 €

A COORDINADORA

Vº E PRACE DA DIRECTORA

DONA NOELIA DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ

DONA MÓNICA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ